

## ACTIVIDADES DE VISIONADO

Propónse un abano de actividades de comprensión da curta. Nas tres primeiras actividades proxéctanse os primeiros minutos da curta e os estudantes teñen que facer suposicións. Nas seguintes actividades conxélanse as imaxes e o alumnado ten que facer comprensión visual de diferentes secuencias.

1. Observa atentamente as imaxes correspondentes ás primeiras escenas e indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

- |   | V                        | F                        |
|---|--------------------------|--------------------------|
| a) O rapaz é un fanático dos videoxogos.          | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| b) Ao rapaz gústalle saír pasear cos seus amigos. | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| c) Obedece a súa mamá.                            | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| d) A nai regálalle un xogo novo.                  | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

2. 00:00-00:30. O neno está case a escuras xogando a un videoxogo, de que tipo credes que é?

3. 00:30-01:07. Por que despreza o cachorriño?

FEO

TRISTE

MALO

DEFORME

4. 01:16-02:25 Que fai o cachorriño cando o neno o rexeita?



5. 02:26-02:59 Que descubrimos cando o neno colle a pelota e se levanta do sofá?



6. 03:00-04:18 Pode o canciño facer as mesmas cousas ca as outras mascotas?



7. 00:00-04:18 E o neno?

